



Consonte ao disposto no apartado 3.21.2 da Resolución do do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, a Secretaría Xeral para o Deporte ditou a Resolución do 15 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se aproba o protocolo Físicovid-DxTgalego polo que se establecen as medidas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no ámbito do deporte federado de Galicia.

No apartado segundo dispónse que cada federación deportiva galega elaborará o seu propio protocolo consonte o contido desta norma básica, atendendo ás súas modalidades e especialidades deportivas, e no apartado cuarto que as federacións deportivas galegas comunicarán á Secretaría Xeral para o Deporte os seus respectivos protocolos así como a persoa que asuma os labores da súa coordinación e seguimento.

Na data do 7 de outubro a Federación Galega de ORIENTACIÓN comunica á Secretaría Xeral para o Deporte a modificación do protocolo para aumentar a práctica das especialidades de Orientación a Pé urbana SPRIN en adestramento e competición.

Manuel Otero Méndez, como xefe do servizo de deportes da Delegación Territorial de Lugo e coordinador do grupo de deportes nº2, CERTIFICA

Que o protocolo da Federación Galega de ORIENTACIÓN para a práctica (adestramento e competición) das especialidades presentadas se adecua ao disposto no protocolo Físicovid-DXTgalego polo que se establecen as medidas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no ámbito do deporte federado de Galicia.

Mércores, 7 de outubro 2021

O xefe de servizo de deportes de Lugo

Manuel Otero Méndez

